

Ricardo
Carvalho
Calero

LETRAS GALEGAS 2020

17 maio
dia das letras
galegas

Ricardo Carvalho Calero foi un home profundamente comprometido coa nosa terra e coa nosa lingua.

Perdeu a súa nai sendo só un meniño e iso só foi o arranque dunha vida difícil arrasada pola guerra. Unha guerra que o privou de ver nacer a súa primeira filla, á cal non coñeceu ata anos despois.

Estivo dous anos no cárcere e, por riba foi duramente represaliado coa prohibición de exercer a súa profesión de docente durante moito tempo. Ata a súa biblioteca e os seus arquivos foron rapinados por grupos de falanxistas. Moitas sombras nunha vida moi dura que, inevitablemente, deixou pegada no noso mestre comprometido.

Pero a súa paixón polo coñecemento, polo saber, pola docencia, pola literatura pero, sobre todo, pola nosa lingua brillou por riba de tanta escuridade e trunfou entre as tebras.

Ricardo Carvalho Calero foi un pioneiro. O mestre que foi privado de dar clases como represión tras a guerra chegou a ser o primeiro catedrático de Lingüística e Literatura Galegas da Universidade de Santiago.

Unha obra súa foi a primeira novela editada en galego en Galicia despois da guerra.

O estudante ferrolán que pasou moitas dificultades económicas durante os seus estudos conseguiu licenciarse en Filosofía e Letras e en Dereito e chegou a ser membro numerario da Real Academia Galega.

O home ao que lle rapinaron a súa biblioteca realizou durante anos un traballo titánico para elaborar dúas obras monumentais: unha historia da literatura galega contemporánea e unha gramática da lingua.

Ademais, encheu as nosas letras con libros de poesía, teatro e narrativa. Os galegos nunca lle poderemos agradecer tanta entrega!!

Ou quizais si... Xoguemos coa nosa lingua. Usémola e manteñámola viva e forte! Seguro que a don Ricardo lle gustaría vernos un día coma hoxe rompendo a cabeza con estes retos que vos presentamos a continuación, divertíndonos e xogando coa lingua. **FELIZ DÍA DAS LETRAS!!!**

RETO 1

Comeza o xogo...

O anagrama é o xogo que consiste na transposición das letras dunha ou de varias palabras co obxectivo de formar outras diferentes.

Por exemplo: carbón – branco / setenta erros – terra sen tose.

Disque os primeiros xogos deste tipo creounos Licofrón de Calcis, poeta e gramático de Alexandría, que lle dedicou ao rei **Ptolemaios** (Ptolomeo) o anagrama **Apo melitos** ('que provén do mel').

O poeta surrealista francés André Breton criticou o apego aos cartos de **Salvador Dalí** cun corrosivo anagrama do seu nome: **Ávida Dollars**.

O nome de pía de **Nélida** Piñón, a consagrada escritora brasileira descendente de emigrantes galegos, é un anagrama do nome do seu avó **Daniel**.

Valentín Paz Andrade fixo un fermoso agasallo a **Alfonso Daniel Rodríguez Castelao** creando un enxeñoso e evocador anagrama co seu nome:

Estrela zodiacal, guiador noso na fe.

Se queres pasar ao seguinte nivel debes resolver estes anagramas que agochan o nome de 4 escritores e escritoras galegos (unha delas é a escritora máis admirada por Ricardo Carvalho Calero).

V I R U S A L E M A N

A R L E Q U I N A O U C O R V O

S A L T O D E C O R S A R I A

S E R E U A M O R T E

— — — — —

— — — — —

— — — — —

— — — — —

— — — — —

— — — — —

— — — — —

— — — — —

RETO 2

Auto-definindo a RCC

É moi, moi difícil definir a Ricardo Carvalho Calero. E iso adoita ser sinónimo de algo bo.

Por que? Porque non foi só unha cousa, senón moitas.

Dende moi novo estivo vencellado cos grandes proxectos galeguistas (Seminario de Estudos Galegos, o grupo Nós, o Partido Galeguista ou a editorial Galaxia).

Cultivou todos os xéneros literarios (foi autor de obras narrativas -de feito a primeira novela publicada en galego despois da guerra é da súa autoría-, poéticas, teatrais, de ensaio...) pero a súa figura vai moito máis alá.

Ao longo de máis de medio século fixo tamén contribucións esenciais á lingua galega desde o plano académico: é o autor da primeira historia da literatura galega digna de tal nome, e del é tamén a primeira gramática da lingua elaborada cun criterio científico e concibida como manual didáctico.

Así mesmo, traduciu ao castelán textos de autores galegos senlleiros no afán de dar a coñecer a nosa literatura alén das súas fronteiras.

A maiores, cómpre lembrar a súa faceta como profesor que abrangueu todas as etapas e modalidades.

Ademais desta intensa traxectoria literaria, persoal e académica cabe salientar o compromiso de Carvalho Calero co galeguismo, é dicir, a paixón por coñecer Galicia, a súa terra, a súa historia, a súa cultura, a súa lingua... para dállela a coñecer aos galegos e galegas e para difundir e dignificar a imaxe do noso país no resto do mundo.

Propóñoche que completes este autodefinido de Ricardo Carvalho Calero para definir mellor ao noso autor.

ÍNDICE DE PREZOS AO CONSUMIDOR		DÍGRAFO ALCOHÓLICOS ANÓNIMOS		INSTITUTO DAS CIENCIAS DA EDUCACIÓN	ADVERBIO DE TEMPO NOME DE MULLER		SEGUNDO APELIDO DO AUTOR DA IMAXE	SUFIXO QUE FORMA NOMES DE ALCOHOIS E FENOIS		CROMO SOLICITE		POEMARIO DO AUTOR DA IMAXE
CAPITAL EUROPEA BALEIRA						NOVELA DO AUTOR DA IMAXE LOCALIDADE LUGUESA						
			PLANTACIÓN DE CAFÉ DIARREA, CAGARRIA						MOEDA XAPONESA ELEMENTO DE SÍMBOLO AS			
	NOME DO AUTOR DA IMAXE, HOMENAXEADO ESTE 17 DE MAIO	LOCALIDADE NATAL DO AUTOR DA IMAXE						POSPONO, APRAZO NOTA MUSICAL				
				LOCALIDADE PONTEVEDRESA ADVERBIO DE LUGAR		CUARTO DE BAÑO DÍGRAFO						OÉS-NOROESTE EQUIVOCARSE, FALLAR
RECIPIENTE DE COCINA NOME DE MULLER					DISE DOS DE COR AMARELA ESCURA					SUFIXO AUMENTATIVO LIMACHAS		
PRIMEIRO APELIDO DO AUTOR								NOME DE MULLER				
											NOME DE LETRA 9	SODIO ESPOSA DE OSIRIS
PREXUDICAA, DAMNIFICAA REAL DECRETO			NOUTRO TEMPO				ANO DE FALECIMENTO DO AUTOR DA IMAXE					
AMA, PROPIETARIA PERÍODO DE TEMPO					DÁ O SEU AVAL PREFIXO CO SIGNIFICADO DE 'UN SÓ'							ANO DE NACEMENTO DO AUTOR DA IMAXE
											CONTRACCIÓN DE PREP. E ART. MAMÍFERO RUMINANTE	
	ADICIÓN PUXÉRALLE UN VALO A UN TERREO					ADVERBIO DE LUGAR XATO, BECERRO AIRE	OURO QUE TEN UNHA DETERMINADA FE RELIXIOSA		ANTE MERIDIEM QUE NON ESTÁ ENFERMO			
		CIRIOS GRANDES E GROSOS PRONOME INDEFINIDO								LITIO NOVENO		
ESCANDIO PROVOCAR UNHA HERNIA							MEDIDA TRADICIONAL DE SUPERFICIE VESTIDO HINDÚ					
O AUTOR DA IMAXE ESTUDOU FILOSOFÍA E...					PEZAS DO ESQUELETO PASA DE DENTRO A FORA			CABEZA DE GANDO SOBRIÑO DE ABRAHAM				XUNTABA, AGRUPABA RILLA
						RÍO ASTURIANO SEÑOR					ADVERBIO DE MODO NIOBIO	
FILA, RINGLEIRA PELO DA OVELLA				DISE DA QUE É DÓCIL CALQUERA CORPO CELESTE				METAL PRECIOSO ILLA ATLÁNTICA GALEGA				
		PRONOME DEMOSTRATIVO	O AUTOR DA IMAXE TAMÉN ESTUDOU...							PREFIXO CO SIGNIFICADO DE 'DOUS'		



RETO 3

Difícil de traducir

Ás veces, as linguas non son doadas de traducir porque hai palabras que non atopan un equivalente exacto noutros idiomas. Aquí vos deixo varios exemplos realmente curiosos e fermosos. Bótalles un ollo, que merecen a pena!


komorebi (xaponés): maneira como as follas das árbores filtran a luz do Sol, formando figuras de sombras e de luz no chan.



culaccino (italiano): pegada que deixa sobre a mesa un vaso ou unha copa fría.



pochemuchka (ruso): persoa que fai moitas preguntas, cunha curiosidade desmesurada.



mangata (sueco): camiño que deixa no mar a luz reflectida pola lúa.



Na nosa lingua tamén temos estas singularidades. Non sei se coñeces a palabra que che presento a continuación... Pois é un termo tan propio noso que non ten equivalencia noutros idiomas.



Espero que xa non a esquezas nunca porque é un dos nosos tesouros. Agora imos co seguinte reto. Propóñoche que completes este cadro con estas palabras únicas e irrepitibles do galego e doutros idiomas irmáns.

Morriña

Piropo

SENY

Mammismo

Desenrascanço

Catalán

Italiano

Portugués

Castelán

GALEGO

palabra

cumprido dito na rúa (que vai dende o educado ata o rudo)

idioma

control materno e interferencia que continúa ata na vida adulta

combinación de boa percepción da situación, integridade e acción correcta

capacidade para solucionar un problema ou persoa intelixencia que quen de improvisar solucións creativas a problemas aparentemente irresolubles

botar de menos a terra cando se está lonxe dela

RETO 4

Cen palabras para a choiva!!!



Xa sabedes que as linguas non só serven para comunicarnos senón que tamén transmiten a cultura e a idiosincrasia do pobo que as creou. Un exemplo da íntima e profunda relación entre o galego e os galegos atopámolo no centio (si, cen!) palabras que temos na nosa lingua para denominar a choiva. Podedes botarlles un ollo na nube de arriba!

Agora propóñovos que relacionedes cada termo coa súa definición.
Como veredes, temos palabras para nomear con moita precisión cada tipo de precipitación que pode caer do ceo. É que a experiencia vale moito!!!

Aguareve **Sarabiada** POALLA Escarabana Orballada Idoiro

-  chuvia miúda e pouco intensa
-  chuvia miúda e de pouca duración
-  auga moi fría con sarabia
-  chuvia con xeo
-  choiva forte
-  chuvia mesturada con neve

Pero... non acabou aquí a cousa. Os máis observadores xa se decataron de que (se o resolvestes ben) acabamos de facer un acróstico. E, casualmente, correspóndese co xénero literario co que máis se identificaba Ricardo Carvalho Calero.

"Creio que, efectivamente, o
máis íntimo da miña
personalidade está reflexado na

"

— — — — —

RICARDO CARVALHO CALERO